

COLA DA VIDA

## Escola 2.0

27.03.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

O futuro xa está aquí. A Consellería de Educación convocou un concurso para dotar algúns dos alumnos de 5º de Primaria e 1º de ESO de 15.000 ordenadores, dentro do Proxecto Abalar, inscrito no *Plan Escuela 2.0*, co que se pretende a modernización e mellora do sistema educativo. É o primeiro paso dunha estratexia educativa global e integradora de longo percorrido: o cambio do modelo do ensino-aprendizaxe, co que se converterá aos nosos colexios e institutos en Centros Educativos Dixitais.

Nun principio, os alumnos poderán usar eses ordenadores exclusivamente na aula, para despois probar a levarlos ás súas casas de xeito que poidan continuar as súas actividades. Ata o 2013, prevese que a dotación de material acadará 87.000 alumnos, 1.000 centros e 15.000 docentes de entre 5º de primaria e 2º de ESO, cun investimento de máis de 12 millóns de euros.

Formalizar educativamente este proceso vai ser bastante complexo, pois téñense que substituír moitas cousas no ámbito formal: o tipo de relación alumno-profesor, que agora pasa polo ordenador como controlador do traballo de ambos os dous, a un tempo que se transforma en emisor de novas posibilidades educativas non previstas na programación inicial, grazas ás consultas en liña dalgúns contidos. Tamén variará a forma de percibir os alumnos a súa comunicación co profesor, xa que agora estará máis centrada nas súas potencialidades, non só no que atinxe aos contidos senón ao manexo dos novos instrumentos, pois o pasar do lapis ao teclado e ao rato, e do papel aos diversos programas dixitais, con todas as posibilidades que poidan contemplar será unha tarefa, a un tempo que básica, pero tamén transcendental para a evolución do alumno.

O potencial da Escola Dixital é enorme, por iso as Administracións non só teñen que dispor os medios materiais senón tamén axeitar os humanos, verdadeiros resortes do proceso. A formación dos profesionais da educación ten que ser previa e continua co fin de achegarlles novas formas de traballo que lles permitan a superación as vellas rutinas do ensino tradicional. Pero eles tamén deberán comprometerse na busca e na creación de equipos dentro ou fóra dos centros e dos departamentos, por que estas novas tecnoloxías facúltanos para incorporar persoas externas que lles axuden a encher as súas carencias.